# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2018/16 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria |
| **Data** | 27 de decembro de 2018 |
| **Duración** | Desde as 10:00 ata as 11:45 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | Rocío López García |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 71865319W | Manuel Arango Ron | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 33803722R | Miguel Castrillón Fernández | SÍ |
| 76580879X | Rocío López García | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

### APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE

Carmen López González (1 para 2)
Administrativa
Data de Sinatura: 07/01/2019
HASH: b0c6c2dc76decd3ff3c51411c683b4df

Rocío López García (2 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 07/01/2019
HASH: b080ad9e3af100bdb27d7e952d5bd093

| **29/11/2018.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Preguntados os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior de data vinte e nove de novembro do dous mil dezaoito (29/11/2018), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

| **Expediente 791/2018. Licenzas Urbanísticas. PARQUE EÓLICO CADEIRA DE NORVENTO ESTELO S.L.U.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por D. JOSÉ IVÁN NOGUEIRAS PÉREZ, con DNI. 36110625-G, actuando como apoderado en virtude de poder outorgado ante o Notario de Lugo, D. José Antonio Caneda Goyanes o 09/10/2018, co número 1958 do seu protocolo, en nome e representación da sociedade NORVENTO ESTELO S.L.U., con C.I.F. núm. B-27502665, con data 29/10/2018, sendo rexistrada de entrada o día 31/10/2018 co número 2152 e na que solicita licencia para a execución das obras do PARQUE EÓLICO CADEIRA, consistentes fundamentalmente en: a)Obra civil consistente en camiños de acceso a aeroxeneradores, torres anemométricas, centro de interconexión, cimentacións, plataformas de aeroxeneradores e zanxas de cableado; b) Tres (3) aeroxeneradores tipo Vestas V136 de 3.300Kw, de 82 m. de altura de buxe e 136 m. de diámetro de rotor; c) T (3) centros de transformación de 4.000 KVA de potencia unitaria e relación transformación 30/0,65 Kv. instalados individualmente no interior da góndola cada aeroxenerador coa súa correspondente equipamento de seccionamer maniobra e protección; d) Líñas eléctricas subterráneas de 30 KV. de tens nominal, en canalización enterrada ou entubada para a evacuación da ener xerada, de interconexión entre centros de transformación 0,65/30 Kv. e subestac transformadora 30/132 Kv; e) Centro de interconexión en 30 Kv correspondentes equipos de control, seccionamiento, maniobra, medida protección; f) Dúas (2) torres anemométricas autoportantes de 82 m. de altu equipadas con anemómetros, veletas, medidor de temperatura, medidor de pres e logger rexistrador, coas seguintes coordenadas UTM:

| POSICIONES AEROXENERADORES | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| NÚM. | COORDENADAS UTM ED50 HUSO 29 | | COORDENADAS UTM ETRS89 HUSO 29 | | POTENCIA ( MW) | MODELO | ALTURA BUJE (m) | DIÁMETRO ROTOR (M) | CONCELL |
| | X | Y | X | Y | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CD01 | 642.584,00 | 4.806.666,00 | 642.459,27 | 4.806.452,58 | 3,300 | VestasV136 | 82 | 136 | TRABADA |
| CD02 | 642.900,00 | 4.806.503,00 | 642.775,27 | 4.806.289,58 | 3,300 | VestasV136 | 82 | 136 | TRABADA |
| CD03 | 643.191,00 | 4.806.352,00 | 643.066,27 | 4.806.138,58 | 3,300 | VestasV136 | 82 | 136 | PONTENOVA |
| CD04 | 643.473,00 | 4.806.191,00 | 643.348,28 | 4.805.977,58 | 3,300 | VestasV136 | 82 | 136 | PONTENOVA |
| CD05 | 643.564,00 | 4.805.957,00 | 643.439,28 | 4.805.743,58 | 3,300 | VestasV136 | 82 | 136 | TRABADA |
| CD06 | 643.739,00 | 4.805.696,00 | 643.614,28 | 4.805.482,58 | 3,300 | VestasV136 | 82 | 136 | PONTENOVA |

A posición das torres meteorolóxicas en coordenadas UTM, é a seguinte:

| ANTENAS METEREOLÓGICAS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| COORDENADAS UTM HUSO 29 | ED 50 | | ETRS89 | |
| | X | Y | X | Y |
| TM_CD1 | 642.585,00 | 4.806.948,00 | 642.460,27 | 4.806.734,58 |
| TM_CD2 | 643.651,00 | 4.805.506,00 | 643.526,29 | 4.805.292,58 |

A posición aproximada do centro de interconexión en coordenadas UTM, é a seguinte:

| CENTRO DE INTERCONEXIÓN (COORDENADAS UTM HUSO 29) | | | |
|---|---|---|---|
| ED 50 | | ETRS89 | |
| X | Y | X | Y |
| 642.561,73 | 4.806.943,42 | 642.437,00 | 4.806.730,00 |

Para o cal se presenta proxecto técnico, que se adxunta á solicitude, concretamente a Separata para Concello de Lourenzá, de data Outubro de 2018, redactado por D. Pablo Fernández Castro, enxeñeiro industrial do ICAI, colexiado núm. 985/201.

Visto que consta no expediente a Resolución de 28 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de 27 de setembro de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos dereitos mineiros e a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais da modificación do Parque Eólico Cadeir emprazado nos Concellos de Trabada, Riotorto, A Pontenova, Lourenzá e Mondoñe ( Lugo) e promovido pola Sociedade Norvento Eólica SLU ( LU-11/127-EOL), publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 251 de 2 de novembro de 2018.

Visto que igualmente consta a aprobación definitiva do Proxecto Sectorial po Resolución de 6 de novembro de 2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 25 de outubro de 2018 polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Cadeira cor proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, así como das disposicións normativas contidas no citado proxecto.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técn Municipal a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade,

ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municip D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 03/12/18 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais. .



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

As NSPM do Concello de Lourenzá clasifican o solo onde se emprazan as obras a que se refire este informe, -un pequeno tramo de vial e a instalación dunha antena metereóloxica - como Solo Non Urbanizable de Protección de Espazos Naturais equivalente ó Solo Rústico de Protección de espazos Naturais da Lei 2/2016 do Solo de Galicia no que se permiten entre outros as instalacións de produción de enerxía. ( Art. 35.m da Lei 2/2016).

Por outra parte na Resolución de 6 de novembro de 2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo da Xunta de Galicia, de 25 de outubro de 2018 polo que se aproba definitivamente o proxecto de parque eólico Cadeira como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal así como as disposicións normativas contidas no mencionado proxecto, faise referencia no punto 1.4.2 a unha proposta de modificación do planeamento municipal de Lourenzá no sentido de que cando se revise o planeamento ou se adapte á Lei do Solo se inclúa a delimitación sinalada na documentación gráfica como solo rústico de protección de infraestruturas e solo rústico de protección agrícola.

Non obstante e de acordo co indicado no apartado 1.6 de dita resolución a aprobación definitiva do proxecto sectorial polo Consello da Xunta, seguindo o procedemento establecido no art. 25 da Lei 10/1995, a marxe de cando se adecúe ao planeamento municipal, implica que as súas determinacións serán vinculantes para as administracións públicas e particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar dous mil novecentos oitenta e cinco euros con sesenta e tres céntimos (2.985,63.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en noventa e nove mil cincocentos vinte euros con oitenta e nove céntimos (99.520,89-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 692/2018. Licenza Urbanística. D. ALEJANDRO FERNÁNDEZ REIGOSA. REHABILITACIÓN CUBERTA VIVENDA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude de licencia formulada por D. ALEJANDRO FERNÁNDEZ REIGOSA, con NIF.33825336H, con domicilio en Pateira de Arriba núm.3, parroquia de San Adriano (Lourenzá) con data 19/09/2018 e núm. 1843 de rexistro de entrada para a realización dos traballos consistentes en REHABILITACIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA, sita na parcela 2520 do polígono 8 da zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur, no lugar de Pateira de Arriba núm. 4, parroquia de San Adriano, con Referencia Catastral 002509600PJ31B0001RE, segundo Memoria Valorada de data setembro/2018, redactada por D. Oscar López

Alba, arquitecto colexiado núm. 2576 del COAG.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 13/12/18 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección Agropecuaria.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas

- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

- As obras solicitadas refírense á substitución do material de cubrición e entaboado, obra de escasa complexidade técnica e que non supón alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario proxecto técnico.

Consta no expediente informe favorable da Consellería de Medio Rural sen condicións por non afectar á parcela.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento sesenta e sete euros con vinte e catro céntimos (167,24.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cinco mil cincocentos setenta e catro euros con sesenta e sete céntimos (5.574,67-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 370/2018. Licenza Urbanística.Dª. AURELIA MENDEZ CAYEIRO . ACABADO EXTERIOR VIVENDA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude de licencia formulada por Dª AURELIA MENDEZ CAYEIRO con NIF. Núm.33767722L, con domicilio en Arroxo núm.11, parroquia de Santa María (Lourenzá) con data de 22/05/2018, e rexistrada nas oficinas municipais o día 23/05/18, co núm. 977 de registro de entrada, para a arealización dos traballos consistentes en ACABADO EXTERIOR DE VIVENDA UNIFAMILIAR, no lugar de Arroxo núm.11, parroquia de Santa María, con Referencias Catastral 002201500PJ31D0001TZ segundo Memoria Técnica Valorada de data Maio de 2018, redatada por D. Ramiro Cociña Oural, arquitecto colegiado núm. 3055 del C.O.A.G.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 29/11/18 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- Teranse en conta as condicións que figuran no punto 2.2 da Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura de data 29/10/18 e que se transcriben literalmente:

“ *a) A cor das fachadas será acorde á contorna na que se atopa o edificio. Deberá escollerse unha tonalidade da carta U01 SINXELEZA, composta por beixes. Poderán escollerse os tons de primeira, segunda e terceira columna do seu apartado Fondos. Elementos compositivos.*

*b) O morteiro de revestimento terá acabado liso, sen áridos visibles. Tamén poderá usarse morteiro monocapa de acabado raspado ou esparavelado, tomando as precaucións necesarias para que a auga non corra sobre a superficie da fachada co fin de que non se produzan manchas de algas ou fungos favorecidos pola porosidade do material.*

*c) Co fin de respectar a sinxeleza da tipoloxía edificada, non se permitirá a diferenciación mediante pintado doutra cor do zócalo ou recercados das ventás. Non se permitirá realizar recercados pintados ou de revestimento de material arredor dos ocos no messmo plano da fachada ( por exemplo, un marco de pedra).*

*d)As caixas de instalacións presentes nas fachadas deberán ser revestidas cunha tapa de chapa metálica lacada nunha cor discreta, mate, non brillante nin metalizada ( por exemplo da mesma cor que as carpinterías ou negro), ou mediante unha tapa de madeira discreta e sinxela.*

*e) O acabado das chemineas debe estar en consonancia coa tipoloxía da edificación, os aparellos dos seus muros, e os seus acabados. Daráselle un acabado de pintura final de cor semellante á empregada nas fachadas. Non se permitirá aplacados de pedra.*

*f) Si se conservan os canles e baixantes existentes, é aconsellable proceder ao seu pintado, para o que se poderá empregar un acabado negro mate, sen brillos, ou un marrón escuro semellante ao presente nas carpinterías da vivenda. Non se permitirá o seu pintado da mesma cor que as fachadas, nun intento de camuflalas. Si se procede á substitución de baixantes ou canles, estes deberán ser de cinc, cobre ou aceiro galvanizado, e de seccións circulares e semicirculares. A utilización do aluminio só se aceptará con esas mesmas condicións e acabados discreto e neutro.”*

- Por tratarse de obras de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñen alteración de volume.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos setenta e tres euros con noventa e nove céntimos (273,99.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en nove mil cento trinta e tres euros (9.133,00-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 361/2018. Licenza Urbanística. MANUEL CENTENO**


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| PÉREZ. SUBSTITUCIÓN CUBERTA. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude de licencia formulada por D. MANUEL CENTENO PEREZ con NIF. Núm. 33767739J, con domicilio en San Lourenzo núm. 1, parroquia de San Jorge deste Termo Municipal con data de 15/05/2018, e rexistrada co núm. 914 de rexistro de entrada, para a realización dos traballos consistentes en SUBSTITUCIÓN DE PIZARRA EN CUBERTA DE VIVENDA, na parcela 602 do polígono 1 da zona de concentración parcelaria Lourenzá Sur, con Referencias Catastral 27027C003006020000DK.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 29/11/18 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- Obran no expediente resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura de data 08/10/18 expediente 26823 sen que se aprecien condicións.
- Así mesmo obra no expediente informe do servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio rural de data 11/10/18, sen que se aprecien condicións.
- Por tratarse de obras de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñen alteración do volume ni do uso e tampouco afectan á Lei 2/2016.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trinta e seis euros (36,00.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil douscentos euros (1.200,00-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| **Expediente 577/2018. Licenza Urbanística. D. ANXO FERNÁNDEZ VILLALBA. SUBSTITUCIÓN DE DÚAS VENTÁS.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude de licencia formulada por D. ANXO FERNÁNDEZ VILLALBA, con NIF. Núm. 77596320R, con domicilio en Rego Vilazo núm. 7, parroquia de Santa María do termo municipal de Lourenzá con data de 30/07/2018, e rexistrada co núm. 1538 de rexistro de entrada, para SUBSTITUCIÓN DE DÚAS VENTÁS da vivenda sita en Rego Vilazo núm. 7 (Santa María) con Referencia Catastral 7746007PJ3174N0001HF.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 18/12/18 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Urbano. Ordenanza 01C- Residencial Intensiva en mazá compacta.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras solicitadas refírense á substitución de dúas ventás, obra de escasa complexidade técnica e que non supón alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario proxecto técnico.
- Las obras realizaranse cumprindo as condicións que figuran no punto 6 da Resolución emitida pola Consellería de Patrimonio de data 16/11/18 que se transcriben seguidamente:

"a) A nova carpintería exterior será sinxela e sen ornamentos, da mesma cor e material que as xa autorizadas para o resto das ventás das plantas altas. Non se consideran axeitados os acabados imitación doutros materiais.

b) Non se consideran axeitadas as persianas exteriores por non ser unha tipoloxía tradicional da zona, se ser imprescindibles colocaranse no interior.

c) Non se empregarán vidros con billontes ou traveseiros nas novas carpinterías, pois ao ter que soportar un dobre vidro teñen moita maior sección da tradicional e non son axeitados os decorativos colocados no interior da cámara."

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar vinte e un euros con trinta e catro céntimos (21,34.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en

| |
|---|
| setecentos once euros con vinte e oito céntimos (711,28) A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. |

| **Expediente 657/2018. Licenza Urbanística. Dª.JOSEFA RIVAS GEADA. REHABILITACIÓN EDIFICACIÓN GARAXE.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude de licencia formulada por Dª.JOSEFA RIVAS GEADA, con NIF.33788478Y, con domicilio en Bodegas núm.2, parroquia de San Jorge do Termo Municipal de Lourenzá, con data 21/08/2018 e núm. 1687 de registro de entrada, para a realización dos trabajos consistentes en SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DE GARAXE, no lugar de Bodegas núm. 2, parroquia de San Jorge, parcela 416-1 do polígono 2 da zona de concentración parcelaria de Lourenzá Sur, con Referencia Catastral 27027C002104160000DF, para o cal acompaña Proxecto Técnico de data Agosto/2018, redactado por Dª. María Consuelo Fernández Reigosa e D. Manuel García Martín, arquitectos colexiados números 2752 e 2774 do COAG., respectivamente.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 19/12/18 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección Agropecuaria.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- En canto ao cambio de uso que se indica no proxecto de almacén a garaxe, de acordo co disposto no art. 35.g) ambos usos encóntranse permitidos no solo rústico de protección agropecuaria.
- Previo ao inicio das obras deberá presentar os oficios de dirección de Arquitecto e Aparellador e coordinador durante a execución da obra todo elo visado polo Colexio Oficial correspondente.

Consta no expediente informe favorable da Consellería de Medio Rural sen condicións por non afectar á parcela.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento vinte e seis euros con un céntimos (126,01.-) o cal supón o 3% do orzamento da

obra fixado en catro mil douscentos euros con cincuenta e dous céntimos (4.200,52) A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| **Expediente 898/2018. Licenzas Urbanísticas. D. ANTONIO LOPEZ CASTEDO INSTALACIÓN DE GRÚA.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Antes de inicio deste punto auséntase da sesión a Sra. Alcaldesa Dª Rocío López García.

Vista solicitude de licencia formulada por Dª. ANTONIO LOPEZ CASTEDO, con NIF. 7665739G, con domicilio en Valiña núm. 9, parroquia de San Adriano do Termo Municipal de Lourenzá, con data 18/12/2018 e núm. 2510 de rexistro de entrada, para a realización dos traballos consistentes en INSTALACIÓN DE GRÚA EN VÍA PÚBLICA CON UNHA OCUPACIÓN DE 16 M2, no lugar de Penelas, parroquia de San Adriano co fin de executar as obras de ampliación do edificio destinado a vivenda unifamiliar con licencia concedida a nome de Dª Rosa María Recalde Expósito expte. 265/2018.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 19/12/18 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural- Vial Público.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Aínda que o espazo ocupado pola grúa é de 16 m2 o paso polo vial onde se colocará será pechado con valla, desviando o paso por un vial próximo.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trinta euros (30,00.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil euros (1.000,00) A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Unha vez rematado este punto, incorpórase á sesión Dª Rocío López García.

**Expediente 235/2018. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA ADXUDICACIÓN REPARACIÓN ACERAS RÚA SECRETARIO LUIS**

| IGLESIAS. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 27/11/2018 que se transcribe:

"Dª. Rocío López García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenzá, á vista das características do contrato de "REPARACIÓN DE ACERAS EN LA CALLE SECRETARIO LUIS IGLESIAS" segundo proxecto básico e de execución redactado pola Arquitecta Dª Marta Sánchez Seivane, colexiada número 2796 do C.O.A.T. incluída no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018, que se pretende adxudicar.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría-Intervención, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, esta Alcaldía en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Xustificar a celebración do contrato menor debido á contía do mesmo quedando acreditado que a contratación da obra de "REPARACIÓN DE ACERAS EN LA CALLE SECRETARIO LUIS IGLESIAS" segundo proxecto básico e de execución redactado pola Arquitecta Dª Marta Sánchez Seivane, é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.

SEGUNDO.-Contratar con CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L., con NIF. B27250182 a prestación descrita nos antecedentes.

TERCEIRO.-Aprobar o gasto correspondente que ascende a VINTE E SETE MIL NOVENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (27.099,57) IVE INCLUÍDO, con cargo a partida presupostaria 450.619 do vixente presuposto, sendo o desglose o seguinte:

| REPARACIÓN DE ACERAS EN LA CALLE SECRETARIO LUIS IGLESIAS | IMPORTE | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|
| PRESUPOSTO OBRA | 22.396,34 | 4.703,23 | 27.099,57 |

CUARTO. Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

QUINTO.-Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da firma da Resolución.

SEXTO.-Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido."

**Expediente 901/2018. CONVENIO CO CLUB. E.D. LOURENZA PARA O**

| DESENROLO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Á vista do borrador do Convenio a subscribir entre o Concello de Lourenzá e o Club E.D. Lourenzá para o desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais de Fútbol, Fútbol Sala, Atletismo, Baloncesto e Patinaxe, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade ACORDA:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio a subscribir entre o Concello de Lourenzá e o Club E.D. Lourenzá para o desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais de Fútbol, Fútbol Sala, Atletismo, Baloncesto e Patinaxe, nos termos nos que está redactado e que son os que se transcriben a continuación:

"CONVENIO A SUSCRIBIR ENTRE O CONCELLO DE LOURENZÁ E E O CLUB E.D. LOURENZÁ PARA O DENSENROLO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE FÚTBOL, FÚTBOL SALA, ATLETISMO, BALONCESTO E PATINAXE.

TEMPORADA 2018/2019

COMPARECEN:

- Dunha parte, Dª. Rocío López García, con NIF. núm.76580879X,como Alcaldesa do Concello de Lourenzá, con CIF. P2702700B, facultada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de Febreiro de 2016,

- E doutra D. PABLO MASEDA FERNÁNDEZ, con NIF. núm. 77.592743-N como PRESIDENTE e en representación do Club E.D. Lourenzá., con CIF-G2721194;

1.- OBXECTIVOS DO CONVENIO:

Os obxectivos xerais do Convenio para o desenrolo das Escolas Deportivas Municipais serán:

A) Coordinar, Cooperar, e Impulsar actividades desenvolvidas por entidades sen ánimo de lucro que por outro lado complementan servizos de utilidade pública e interese social.

B) Colaborar mediante o ensino deportivo no proceso de educación integral do alumnado, entendendo sempre as ensinanzas deportivas, no como un fin en si mesmas, senón como un medio de colaboración en tal proceso.

C) Rodear ó proceso de ensino deportivo do ambiente que garanta o benestar persoal do alumnado, e o fomento e a mellora das súas relacións humanas.

D) Crear hábitos deportivos e hixiénicos para que nun futuro se desenvolvan autonomamente e contribúan á consecución do estado de benestar físico, mental e social da persoa adulta.

E) Garantir a todo o alumnado, en función dos recursos dispoñibles, a posibilidade de aprender e practica-lo deporte que eles elixan libremente, e poder desenvolver as súas aptitudes deportivas básicas nun entorno sa

e seguro.

F) Inculcar calidades tales como a orde, disciplina, respecto ós demais, así como o coñecemento do regulamento da modalidade deportiva.

G) Fomentar un espírito de esforzo e de responsabilidade en Cooperación co outro/a.

H) Dotar ao alumnado dos conceptos técnicos e tácticos adecuados a súa idade e nivel de desenrolo e actuar acorde cos principios metodolóxicos propios da Educación Física, e que estea imbuída nun marcado cariz lúdico -educativo.

I) Servir como marco regulador para ambas partes en canto a dereitos e obrigacións.

2.-XENERALIDADES

A).- A estrutura deportiva de cada etapa de formación e modalidade deportiva incluída neste Convenio farase indicando categorías, grupos, idades, e prazas totais.

B) O calendario das Escolas Deportivas adaptarase ao calendario escolar,descansando en períodos de vacacións, pontes e festivos, salvo que se autorice o contrario por razóns técnicas ou competitivas. O desenrolo da actividades nas Escolas Deportivas será, por regra xeral, de outubro a xuño (ambos incluídos). Poderase comezar antes e finalizar con posterioridade se o Club E.D.Lourenzá, encargado da dirección técnica o solicita e sempre xustificado polo calendario de competición.

C) O club ou entidade dispoñerá do persoal coa titulación ou capacitación suficiente para a organización do deporte no seu traballo de Escolas Deportivas.

D) O Concello será totalmente alleos ó contrato de compra, subministro e calquera outro que o club realice unilateralmente sen autorización previa e por escrito da Administración, para o funcionamento da Escola Deportiva.

E) A xestión da instalación por parte do club non exclúe á Administración para realizar actividades puntuais ou regulares en dita instalación, previo aviso, ó club ou entidade; nun prazo de 48 h. como mínimo.

F) O club ou entidade atenderá ás normas de uso de instalacións deportivas municipais vixentes.

G) O equipamento, material técnico ou calquera tipo de material adquirido con cargo ás subvencións da Administración será de propiedade municipal, limitándose o club ou entidade á xestión do seu uso e custodia do mesmo.

H) Concepto de alumnado: Se considerarán alumnas e alumnos das Escolas Deportivas Municipais a todas aquelas persoas que contando con praza dispoñible definitiva teñan presentado toda a documentación requirida e satisfeito O PAGO DAS CUOTAS OBRIGATORIAS DA TAXA MUNICIPAL NOS PRAZOS ESTIPULADOS”

I) En calquera caso, o Concello de Lourenzá quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións as que quedan obrigado o Club en virtude do presente Convenio.


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

J)O Club disporá da xestión do bar do campo e do bar ou máquina expendedora do pavillón, sendo a xunta rectora do Club quen ingrese os beneficios obtidos pola explotación do mesmo,debendo quedar constancia na súa contabilidade dos ingresos obtidos por este concepto.

3.-OBRIGACIÓNS DO CLUB E.D.LOURENZA

A) Propoñer ao Concello un equipo técnico e humanamente cualificado para atende-los diferentes grupos das Escolas.

B) Planificar , co visto bo do Monitores Deportivo Municipal de Lourenzá, a estrutura, organización, obxectivos das Escolas Deportivas para a tempada en curso así como os criterios técnicos, didácticos e metodolóxicos da Escola Deportiva. DITA MEMORIA DE PLANIFICACIÓN DEBERÁ PRESENTARSE Ó CONCELLO ANTES DA SINATURA DO CONVENIO OU PRORROGA DO MESMO.

C) Coordinar as actuacións de tódolos monitores/as e realizar o seguimento dos distintos grupos das Escolas.

D) Establecer as necesidades de material e equipamento, e as prioridades de compra e comunicar ao Monitor Municipal de Deportes os desperfectos observados nas instalacións deportivas.

E) Supervisa-las inscricións, fichas, cuotas e calquera outro requisito que as diferentes Escolas teñan que cumprir para poder participar nas competicións e campionatos que se teñan disposto na programación anual así como establecer os equipos de competición e asignar os horarios ós diversos grupos das Escolas nas instalacións municipais.

F) Subscribir para tódolos alumnos/as inscritos nas Escolas Deportivas Municipais un seguro de accidentes.

G) Trasladar ó Concello toda circunstancia, queixa ou solicitude que considere necesaria.

H) Atendera os pais, nais ou responsables do alumnado das Escolas.

I) En toda documentación e publicidade xerada polo club sobre esta actividade farase mención do carácter municipal da escola deportiva e figurará o logotipo dos Concellos de Lourenzá e Mondoñedo

H) O club ou entidade comprométese á promoción, difusión e asentamento do deporte de ambos municipios.

I) O club, no desenrolo do obxecto deste Convenio, non poderá percibir cantidade algunha pola utilización das instalacións obxecto deste Convenio con actividades deportivas doutra índole por parte de terceiros sen autorización previa e por escrito da Administración e previo escrito xustificativo de tal solicitude.

J)O club atenderá á reposición de material deportivo, segundo de qué instalación se trate. Será o encargado de repoñer material deportivo para adestramentos e competicións, sobre todo o material funxible que se renova anualmente para a práctica deportiva (balóns, ….) material didáctico-deportivo, vestimenta deportiva…..

4.- OBRIGACIÓN DO CONCELLO:

A) A Administración comprométese á cesión gratuíta das instalacións deportivas municipais precisas para o desenrolo das escolas deportivas municipais.

B)A administración cederá espazo publicitario para explotación polo club nas instalacións cedidas, co obxecto de recadar fondos para financiar

parte da actividade deportiva, do que deberá quedar constancia na contabilidade do club e nos seus extractos bancarios.

C) A Administración comprométese á facilitar os medios dos que dispoña para o desenrolo e promoción das escolas deportivas municipais e intentará colaborar co club ou entidade, tanto na promoción do nome do Concello nas súas actuacións como na busca de sponsor, se se estimara necesaria.

D) A Administración facilitará canta información obre no seu poder sobre acordos, actividades, servizos, convocatorias de subvencións, etc....; que podan ser de interese para o cumprimento dos obxectivos propostos neste convenio.

5.- CUOTA OBRIGATORIA DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

1.- O Concello de Lourenzá establecerá a cuota obrigatoria a satisfacer para la participación nas Escolas Deportivas Municipais a través da súa respectiva Ordenanza.

2.- Dita cuota será integramente satisfeita por todos os/as participantes. As posibles excepcións o modificacións desta norma precisarán do desenrolo e aprobación da mesma.

3.- Os alumn@s faranse socios deportivos das Escolas, e aboarán o pago en un ou dous prazos nos meses de setembro e febreiro.A persoa que queira darse de baixa para o segundo cuadrimestre na actividade que estea realizando deberá notificalo por escrito ao Club

4.- Aportación Voluntaria: O Club poderá solicitar dos participantes nas Escolas Deportivas Municipais o pago dunha cantidade suplementaria de carácter voluntario, denominada "Aportación Voluntaria". Os ingresos obtidos a través da aportación voluntaria destinaranse obrigatoriamente a áreas estritamente deportivas, que impliquen unha mellora no servizo dado ao participante como:

- Actividades extraordinarias organizadas polo Club.
- Actividades extraordinarias nas que participe o Club.
- Participación en competición oficial que se atope fora do ámbito de subvención do concello.
- Publicacións, cursos e charlas organizadas polo Club.
- Outros servizos adicionais.

5.- O Club informará obrigatoriamente por escrito aos participantes e ó Concello da "Aportación Voluntaria" que se vaia a solicitar, indicando claramente os seguintes extremos, e antes deberá contar coa aprobación do Concello:

- O carácter voluntario do pago.
- A contía económica e a súa diferenciación coa Cota Obrigatoria.
- Tempada de aplicación.
- Servizos adicionais que se obteñen.

6º.- ASIGNACIÓN PRESUPOSTARIA E CONDICIÓNS DA SUBVENCIÓN.

1.- A aportación económica do Concello de Lourenzá para o funcionamento das Escolas Deportivas Municipais será exclusivamente o importe recadado coa Taxa Municipal.

2.- O concello de Lourenzá, co fin de facilita-los trámites, delegará no Club os trámites de inscrición e pago das cuotas establecidas na correspondente Ordenanza para a participación nas Escolas Deportivas


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Municipais.

Unha vez finalizado o período de pago de cada prazo, o Club deberá presentar no Concello unha lista numerada co nome, apelidos , dirección e xustificante de pago de tódolos alumnos que formen parte das escolas deportivas municipais.

3.- O orzamento financiable estará composto polos seguintes gastos subvencionables:

- Gastos de persoal
- Gastos de material didáctico – deportivo
- Gastos de vestimenta deportiva
- Primas de seguros
- Gastos de publicidade .
- Os gastos de transporte serán subvencionables, primeiro, no caso de ter contratado a un terceiro (coche,aluguer, autocar, etc.) ate o importe total soportado pola entidade ou segundo, cando tendo vehículo propio a entidade, os gastos debidamente xustificados que este orixine e que estean directamente relacionados coa actividade e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma para o que deberase presentalo modelo que se achega ó presente convenio como Anexo II. No serán subvencionables os gastos que no sexan estritamente necesarios para exercer a actividade deportiva.

4.-A subvención municipal será incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou ente publico ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento. Nese caso poderanse compatibilizar ate a contía do devandito orzamento.

7º.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A xustificación de aboamento da subvención presentaranse coa seguinte documentación:

A) MEMORIA DE ACTUACIÓN XUSTIFICATIVA e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logros acadados. En todo caso, os gastos subvencionados deberán ter sido realizados durante a temporada 2018/2019.

B) MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA DO CUSTO DA ACTUACIÓN REALIZADA, QUE CONTERA:

1. Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.

2. Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión.

3. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no trafico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo ate o importe da subvención concedida e relacionadas coa actividade subvencionada. As facturas que se presenten como xustificación da subvención concedida deberán cumprir os requisitos do R.D. 1496/2003 de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas da facturación.

Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais ou copias compulsadas.

4.- No caso de gastos de persoal, mediante orixinais ou fotocopias compulsadas de nóminas ou recibís ademais do xustificante do abono das mesmas (recibí do empregado ou xustificación transferencia bancaria) e TCS, no seu caso, co selo da entidade financeira xustificativa do seu abono ou


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

xustificantes da entidade bancaria na que se realice o pago de tales gastos.

5. Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

6. Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións publicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade sen que en ningún caso, o importe conxunto de tódalas axudas poida ser superior ó gasto realizado, o cal deberá quedar acreditado coa documentación xustificativa que proceda; ou, se e o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

7.- Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social.

8º.- RESCISIÓN DO CONVENIO.

1.-Incumprimento dos acordos establecidos no presente convenio, previa denuncia, por calquera das partes.

2.- Por mutuo acordo.

3.- Por disolución do club ou entidade encargada

9º.- DURACIÓN DO CONVENIO.

1.- Este convenio terá unha duración anual, coincidente a súa vixencia co desenrolo do curso escolar, co que debe coincidir á súa vez cada período da escola deportiva municipal, nembargante, e por acordo expreso das dúas partes poderase ir prorrogando por períodos anuais, no momento da firma do acordo cabe a posibilidade de engadir modificacións tanto no referente á contía da subvención como ó funcionamento da escola.

2.- No suposto de rescisión do presente convenio, ambas entidades quedarán liberadas de toda contraprestación que se establecera ó respecto.

Na proba de conformidade, as partes intervintes firman por triplicado exemplar o presente convenio no lugar e datas sinalados.”

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª Rocío López Garcia, para a sinatura do citado Convenio.

Terceiro.-Como trámite previo á sinatura do Convenio, o Club E.D. Lourenzá, deberá presentar a Memoria de Planificación a que se fai referencia no punto 3.b. do citado Convenio.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo ó Cluv E.D. de Lourenzá, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**ALTA NO SAF DE LIBRE CONCORRENCIA DE Dª. DORINDA VIDARTE PÉREZ.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao

alta no  Servizo de Axuda no Fogar de Dª. Dorinda Vidarte Pérez con DNI. núm. 33767815C, con domicilio en Condomiña, 8 da Parroquia de Santa María deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social,  en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de libre concorrencia a Dª. Dorinda Vidarte Pérez de 8 horas ao mes polo que deberá abonar vinte euros (20,00) mensualmente o que supón o 20% da súa capacidade económica. _

**REDUCIÓN HORAS SAF DECEMBRO 2018 DE Dª.VICTORIA OTERO LÓPEZ.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de Dª. VICTORIA OTERO LOPEZ, con D.N.I. nº 76565821V, con domicilio en As Plazas, núm. 16 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, así como o informe emitido pola Traballadora Social do Concello, relativo a redución de horas no Servicio de Axuda no Fogar deste Concello pasando a 12 horas/mes, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a redución do servicio de "Axuda no Fogar" a Dª. VICTORIA OTERO LOPEZ pasando a dispoñer de dito servicio 12 horas ao mes polo cal lle corresponde abonar corenta e cinco euros/mes (45,00) o que supón o 30% da súa capacidade económica.

**SUSPENSIÓN TEMPORAL 2018 SAF LIBRE CONCORRENCIA DE Dª.MAGDALENA BAAMONDE CHAO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de Dª. MAGDALENA BAAMONDE CHAO con D.N.I. nº 33687525T, con domicilio en Llano, núm. 10, da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, no que insta  a suspensión temporal do servizo de axuda no fogar, dende o 01/12/18 ata o 01/02/19 por motivos personais, con reserva de praza, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a SUSPENSION TEMPORAL do servizo de "Axuda no Fogar" de Dª. Magdalena Baamonde Chao dende o 01/12/18 ata o 01/02/19.

**SUSPENSIÓN TEMPORAL 2018 SAF DEPENDENCIA DE Dª. ANA SÁNCHEZ FERREIRO.**


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto solicitude de Dª ANA SÁNCHEZ FERREIRO, con D.N.I. nº 33.767.421Z con domicilio en Pimento, núm. 8 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal no que insta a suspensión temporal do servizo de axuda no fogar, dende o 01/12/18 ata o 01/02/19 por motivos personais, con reserva de praza, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder la SUSPENSION TEMPORAL do servizo de "Axuda no Fogar" de Dª. Ana Sánchez Ferreiro dende o 01/12/18 ata o 01/02/19.

**AUMENTOS HORAS SAF POR LIBRE CONCORRENCIA DE D. JOSÉ NOGUEIRA ALVITE.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o informe da Traballadora Social do Concello de data 17//12/18 de D. JOSE NOGUEIRA ALVITE, con D.N.I. nº 76536964W, con domicilio en Xuncal, núm. 3 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, relativo a ampliación de horas no Servizo de Axuda non Fogar deste Concello pasando de 20 a 85 horas ao mes, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a ampliación do servizo de "Axuda non Fogar" a D. JOSE NOGUEIRA ALVITE, pasando a dispoñer do devandito servizo 85 horas ao mes polo cal lle corresponde abonar douscentos doce euros con cincuenta céntimos (212,50) mensuais, que supón a 2,50 euros/hora.

**Expediente 886/2018. BAIXA PADRÓN RECOLLIDA LIXO DE Dª. CARMEN RODRÍGUEZ REIGOSA.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Baixa de Dª Carmen Rodríguez Reigosa

Vista solicitude de 10/12/18 subscrita por Dª. CARMEN RODRÍGUEZ REIGOSA con D.N.I. núm. 33.844.252M, e domicilio en Piñeiro, núm. 7 da Parroquia de San Xurxo de este Termo Municipal na que solicita a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Soutelo núm. 5, Santa María por ter vendido a vivenda a D. Luciano Braña Rozas, segundo copia da escritura presentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Autorizar a baixa de Dª. CARMEN RODRÍGUEZ REIGOSA no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Soutelo núm. 5 con efectos do cuarto trimestre de 2018.

B) Alta de oficio de D. Luciano Braña Rozas

Á vista de que D. LUCIANO BRAÑA ROZAS, con D.N.I. nº 33.317.740D con domicilio en Rúa Castelao núm. 3 da Parroquia de Santa María de este Término Municipal, é propiterio da vivienda sita en Soutelo, núm. 5 (Santa María), na cal deuse de baixa á propietaria anterior con efectos do cuarto trimestre de 2018, no servicio de recollida de resíduos sólidos, e non tendo solicitada a alta o novo propietario, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Dar de alta de oficio a D. Luciano Braña Rozas no servicio de recollida de residuos sólidos en Soutelo núm. 5 con efectos do 4º trimestre de 2018.

2º.- Notificar o presente acordo a D. Luciano Braña Rozas e instarlle para que presente a domiciliación bancaria das mencionada taxa.

**Expediente 887/2018. CAMBIO TITULARIDADE LIXO D. JOSE CARLOS ALONSO ROZAS.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 2.466 de 11/12/18 subscrita por D. JOSE CARLOS ALONSO ROZAS con D.N.I. núm. 33.857.732F con domicilio en Carlos Peregrín Otero núm. 7, 3º Izqda, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular e de domicilio no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Solleiro núm. 7 (no padrón figura o número 10) da Parroquia de Santo Adrao deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de Dª. Mª Flor Rozas Muiño e para que agora figure a nome de D. JOSE CARLOS ALONSO ROZAS con efectos do 4º trimestre de 2018 en Solleiro núm. 7.

**Expediente 873/2018. CAMBIO TITULARIDADE LIXO D. RAMIRO ROMERO LÓPEZ.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 2417 de 07/12/18 subscrita por D. RAMIRO ROMERO LÓPEZ con D.N.I. núm. 76.580.621M con domicilio en Carlos Peregrín Otero núm. 7, 2º Izqda da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de

residuos sólidos urbanos en Carlos Peregrín Otero núm. 7, 2º Izqda da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de Dª. Dosinda Fernández Soto e para que agora figure a nome de D. RAMIRO ROMERO LÓPEZ.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do cuarto trimestre de 2018.

**Expediente 842/2018. CAMBIO TITULARIDADE LIXO Dª .Mª OFELIA VARELA FERNÁNDEZ.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 2.320 de 22/11/18 subscrita por Dª. Mª OFELIA VARELA FERNÁNDEZ con D.N.I. núm. 33.781.344W con domicilio en Redondelo núm. 9, da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular e de domicilio no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Redondelo núm. 9 (no padrón figura o número 2) da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D. Jesús Recalde Expósito e para que agora figure a nome de Dª Mª OFELIA VARELA FERNÁNDEZ con efectos do 4º trimestre de 2018 en Redondelo núm. 9.

**Expediente 897/2018. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA LIXO Dª. NATALIA RIVAS RIVAS**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 2503 de 18/12/18 subscrita por Dª. NATALIA RIVAS RIVAS con D.N.I. núm. 76.581.417L con domicilio en Currada núm. 3 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Currada núm. 3 (San Jorge), que antes figuraba a nome de Dª. Rosa Rivas García e para que agora figure a nome de Dª. Natalia Rivas Rivas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do cuarto trimestre de 2018.

**FACTURAS DECEMBRO 2018.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 09/06/2015, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| COMERCIAL FERMO MONDOÑEDOCB. NIF. E-27130020 | Núm. 111-1811 de 09/11/18 | Placa obsequio veciña 100 Aniversario. | 88,33 |
| LIBRERÍA JOSGUA C.B. CIF. E27300680 | Núm. 69-18 de 31/10/18 | Material para Día de Cancro | 5,70 |
| LIBRERÍA JOSGUA C.B. CIF. E27300680 | Núm. 78-18 de 30/11/18 | Material para Certame Teatro | 39,50 |
| LIBRERÍA JOSGUA C.B. CIF. E27300680 | Núm. 79-18 de 30/11/18 | Material para Xuntanza 3ª Idade (250 sobres) | 12,50 |
| LIBRERÍA JOSGUA C.B. CIF. E27300680 | Núm. 80-18 de 30/11/18 | Material para Violencia Xénero | 31,20 |
| MIGUEL ANGEL RÍO MARTÍNEZ NIF. 77594178-K | Núm. 73 de 04/11/18 | Actuación Musical Xuntanta 3ª Idade | 181,50 |
| Mª.PILAR SANTISO ALVAREZ NIF. 76914893-H | Núm. 73 de 04/11/18 | Actuación Musical Xuntanta 3ª Idade | 181,50 |
| ALMACENES CELSO MÍGUEZ S.A. CIF. A-36002718 | Núm. AGFN2018-028683 de 17/11/2018 | Pintura para Escola Sto. Adrao. | 436,62 |
| ANGOBRAMA S.L. CIF. B27473784 | Núm. 11000009 de 21/11/2018 | Material subministro Concello. | 9,37 |
| MOURE MAQUINARIA S.L. CIF. B271733384 | Núm. S801 de 16/11/18 | Material Aprol Rural. | 24,08 |
| MOURE MAQUINARIA S.L. CIF. B271733384 | Núm. T513 de 15/11/18 | Reparación cortacésped xardíns. | 231,92 |
| AUTOS MORAN,S L. CIF. B27179969 | Núm. 083 de 27/11/2018 | Transporte pasaxeiros Comida 3ª Idade. | 247,50 |
| FABEIRO ARTE FLORAL, S.L. CIF.. B-27337898 | Núm. 109-2018 de 26/11/2018 | Ramo de flor para vecina Aniversario 100 anos. | 24,00 |
| GRUPO DE TEATRO “ANDANZAS” DE VIVEIRO. CIF. G-27493634 | Núm. 002/2018 de26/11/2018 | Representación obra “ El Caso de la Mujer asesinadita” o día 24/11/18. | 300,00 |
| PALIMOCO TEATRO CIF. G-27262153 | Núm. 10 de 19/11/18 | Representación obra “Borralliña” o día 18/11/18. | 300,00 |
| ASOC. TEATRAL FAUNA 113 CIF. G-27839430 | Núm.04/2018 de 25/11/18 | Representación “ Deus unha comedia” o día 25/11/18. | 300,00 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| INVECO S.L.<br>CIF. ESB-27027143 | Núm. 2018-1040 de 28/11/2018 | Control de calidade obra " Mellora e Mantemento camiños municipais" | 912,34 |
| TALLERES PIÑEIRO LEITON, S.L.<br>CIF. B-27186659 | Núm. A/54 de 23/11/2018 | Arranxo valla Campo Fútbol | 2.662,00 |
| MULTISPORTS GALICIA, SL.<br>CIF. B-27266113 | Núm. 575 de 27/08/2018 | Material para evento " Milla Urbana 2018" | 735,13 |
| MULTISPORTS GALICIA, SL.<br>CIF. B-27266113 | Núm. 576 de 09/10/2018 | Material para evento "Milla Urbana 2018" | 1.121,86 |
| MULTISPORTS GALICIA, SL.<br>CIF. B-27266113 | Núm. 577 de 07/09/2018 | Material para evento " Desafío Tovar 2018" | 277,70 |
| MULTISPORTS GALICIA, SL.<br>CIF. B-27266113 | Núm. 578 de 10/09/2018 | Material para evento " Desafío Tovar 2018" | 1.329,11 |
| MULTISPORTS GALICIA, SL.<br>CIF. B-27266113 | Núm. 579 de 10/09/2018 | Material para evento " Carreira Val das Fabas/2018" | 775,61 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE<br>CIF. B27333160 | S.S.PT.18/1/00293 de 30/11/18 | Servizo Dependencia -Axuda no Fogar"/Novembro 2018 (fins de semana – festivos) (117,75 horas) | 1.485,39 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE<br>CIF. B27333160 | S.S.PT.18/1/00294 de 30/11/18 | Servizo "Axuda no Fogar" Novembro 2018 (Incidencias Dependencia vacacións e novos servizos)/279,61 horas | 3.349,73 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE<br>CIF. B27333160 | S.S.PT.18/1/00295 de 30/11/18 | Servizo "Axuda no Fogar" Novembro 2018 (Incidencias e Vacacións L. Concorrencia)/92,95 horas. | 1.168,81 |
| SUPERVISION Y CONTROL S.A.U.<br>CIF. A15117609 | Núm.271218FC0008828 de 03/12/18 | ITV IVECO 0534DLK | 59,76 |
| COPE RIBADEO<br>CIF. A-28281368 | Núm. 0560201206 de 30/11/18 | Programa Rotación Violencia xénero | 121,00 |
| VEHÍCULOS EQUIPAMIENTOS Y CARREOCERÍAS PRIETO-PUGA S.L. | Núm. 180581 de 30/11/2018 | Suxeición contedores (147) | 7.114,80 |
| SOILAR GESTIÓN Y SERVICIOS MUSICALES S.L.<br>CIF.B70418090 | Núm. A/172 se 30/11/2018. | Mes Novembro | 885,00 |
| NOCEDA ASESORES, S.L.<br>CIF. B-27174085 | Núm. 3821/18 de 01/12/18 | Mes de Novembro /2018 | 689,70 |
| FUNDACIÓN EU-SON<br>CIF. G-27222983 | Núm. 2018-445 de 30/10/2018 | Figuras Conmemorativas II Certame Teatro Afeccionado | 84,70 |
| DIELECTRO INDUSTRIAL<br>CIF. A15007750 | Núm. 107263 de 30/11/2018 | Luminarias Colexio Juan Rey | 163,23 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| DIELECTRO INDUSTRIAL<br>CIF. A15007750 | Núm. 107264 de 30/11/2018 | Material Alumeado | 790,17 |
| OTERO TRANSFORMACIÓN MADERERA,S.A.<br>CIF. A-27009877 | Núm. 100003946 de 30/11/2018 | Madeira para camión pluma | 100,87 |
| ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A.<br>CIF. A50878842 | Núm. 12254 de 10/12/2018 | Plan Mellora Continua Servicios Tecnología Gestiona | 2.208,25 |
| EXTINTORES IGLESIAS S.L.<br>CIF. B-27160852 | Núm. 3193 de 03/12/18 | Revisión extintores (15):Salón actos, Arquivo,oficinas e Centro da Faba. | 95,83 |
| EXTINTORES IGLESIAS S.L.<br>CIF. B-27160852 | Núm. 3194 de 03/12/18 | Revisión extintores (8).Biblioteca, Albergue, C. Xuventude e Pazo | 45,01 |
| EXTINTORES IGLESIAS S.L.<br>CIF. B-27160852 | Núm. 3195 de 03/12/18 | Revisión extintores CEIP Juan Rey e escolas (18) | 178,60 |
| EXTINTORES IGLESIAS S.L.<br>CIF. B-27160852 | Núm. 3196 de 03/12/18 | Revisión extintores (8) Torreón e Centro de Día | 95,83 |
| EXTINTORES IGLESIAS S.L.<br>CIF. B-27160852 | Núm. 3197 de 03/12/18 | Revisión extintores (5) Centro de Saúde | 21,78 |
| EXTINTORES IGLESIAS S.L.<br>CIF. B-27160852 | Núm. 3198 de 03/12/18 | Extintores Nuevos Ximnasio (2) | 53,24 |
| EXTINTORES IGLESIAS S.L.<br>CIF. B-27160852 | Núm. 3199 de 03/12/18 | Revisión extintores varios (12):Punto Limpo, Lavadoiro, Motobomba, Mercado, Patrol, Almacén etc. | 98,98 |
| EXTINTORES IGLESIAS S.L.<br>CIF. B-27160852 | Núm. 3200 de 03/12/18 | Revisión extintores varios (6):Vehículos, Tractor e feira | 31,46 |
| TALLERES DÍAZ Y VARELA, S.L.<br>CIF. B-27294701 | Núm. 71VO/18 de 04/12/18 | Furgoneta Ford Transit, Matrícula 9708DRB | 3.304,00 |
| ALMACENES CELSO MÍGUEZ S.A.<br>CIF. A-36002718 | Núm. AGFN2018-029945 de 30/11/2018 | Material ( corcho) para P.A.I. Meniños | 24,25 |
| ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL SL.<br>CIF. B-70206008 | Núm. 2018 042 de 09/12/2018 | Representación “Feirantes” o 09/12/18 para II Gala Teatro | 850,00 |
| MAX CENTRO COMERCIAL HAN YAO FOZ SLU<br>CIF. B-27460963 | Núm. 243/18 de 11/12/2018 | Luces Nadal para figuras Belén | 18,40 |
| MAX CENTRO COMERCIAL HAN YAO FOZ SLU<br>CIF. B-27460963 | Núm. 205/18 de 25/09/2018 | 124 Bolsas para F. Faba | 72,54 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 72218 de 30/11/2018 | Material Obradoiro | 308,79 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 72318 de 30/11/2018 | Material Servizos varios | 231,88 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 72418 de 30/11/2018 | Material Escola e Parque Sto. Adrao. | 68,41 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 72518 de 30/11/2018 | Material Almacén | 561,27 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 72618 de 30/11/2018 | Tubo Recemil | 87,00 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 72718 de 30/11/2018 | Material Polideportivo | 66,55 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 72818 de 30/11/2018 | Material Campo de Fútbol | 41,81 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 72918 de 30/11/2018 | Material Punto Limpo | 22,89 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 73018 de 30/11/2018 | Material Campo dos Bolos | 283,43 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 73118 de 30/11/2018 | Material camiño Cazolga | 147,00 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 73218 de 30/11/2018 | Material CEIP Juan Rey | 110,04 |
| IBERCAT, INGENIERÍA S.L.<br>CIF. B-70207824 | Núm. 41/18 de 14/12/2018 | Traballos Expedientes “902” e “903” ALTERACIÓNS BENS INMOBLES(22 Unidades). | 798,60 |
| VENTOSO INSTALACIONES<br>RODRIGO RODRIGUEZ RAMOS<br>NIF. 34881215J | Núm. 10353 de 05/11/18 | Reparación Alumedado Travesía da Mariña. | 614,68 |
| CASA XIRALDO<br>MARÍA BARREIRA RODRÍGUEZ<br>NIF. 33690834-C | Núm. 000558 de 14/12/18 | Comida de D.José Luis López Bouza ( montaxe mercado Nadal) | 15,33 |
| PITERO, GESTIÓN RESÍDUOS<br>FRANCISCO G. RIVAS DASILVA<br>NIF. 33996803-C | Núm. 4/18B de 24/09/18 | Transporte de residuos (11 viaxes) | 1.210,00 |
| XOSÉ MANUEL FDEZ. MONTES<br>HERMANAGER PRODUCCIÓNS | Núm. 77 de 16/12/2018 | Espectáculo “ Apren-Deimi” de Mago | 530,00 |


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| NIF. 34263382Y | | Deimi o 16/12/2018, | |
| CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.<br>CIF. S1500072B | Núm. 803 de 13/12/2018 | Xantar na Casa, meses de Xullo, Agosto e Setembro. | 260,52 |
| RAMÓN IGLESIAS VENTURA<br>NIF. 77593981-P | Novembro 2018 | Desprazamentos varios: 141,30 Km/0,19 € | 26,84 |
| OLGA KARAGEORGIAN BLANCO<br>NIF. 76565760-W | Novembro 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 710 Km. | 134,90 |
| Mª ELITA BRAÑA GARCÍA<br>NIF. 33832086Y | Novembro 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 494 Km. | 93,86 |
| EULALIA GONCALVES ARAUJO.<br>NIF.X1166446-R | Novembro 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 720 Km. | 136,80 |
| FRANCISCA REGO LÓPEZ<br>NIF. 33307097S | Novembro 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 546 Km. | 103,74 |
| MARÍA JESÚS BOUSO BARCIA<br>NIF. 33348237-P | Novembro 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 436 km. | 82,84 |
| MARÍA TEIJO LOMBARDERO<br>NIF.77594257-P | Novembro 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio<br>406 Km. | 77,14 |
| MARÍA DOLORES PENDAS ESTRADA<br>NIF. 11414372-C | Novembro 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio<br>647 Km. | 122,93 |
| **TOTAL** | | | **39.476,05** |

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### EXPEDIENTE 819/2018 ESCRITO CATASTRO CAMBIO TITULARIDADE FINCAS.

Neste punto, deuse conta do escrito achegado pola Xerencia Territorial do Catastro, da Delegación de Economía e Facenda de Lugo, con data 13/09/18, sendo rexistrado de entrada o día 13/11/18 co núm. 2235, no que se comunica en relación co expediente 00697185.27/17 e Documento 02230286, o acordo de dita Axencia para inscribir la alteración catastral solicitada para a parcela 00297, do Polígono 001 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Norte, lugar da Cazolga, con Referencia Catastral 27027B001002970000LO, que figurará coa propiedade plena do 100% a nome do Concello de Lourenzá, con efectos dende o 08/02/2007, dando resposta a solicitude de permuta de dita parcela pola 272-1 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Norte que fora solicitada polo Concello, en marzo do 2004, á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Os membros da Xunta de Goberno Local tomaron coñecemento do escrito.

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506